

ESCOLA DA VIDA

O labor pedagógico-inspector da Administración

11.07.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Unha das tarefas da Administración de calquera país, autonomía ou concello é mirar polo cumprimento das súas normativas. Iso é o que fai que o redactado e consensado polos representantes do pobo sexan lexislacións socialmente eficaces.

En España dispomos de cuantiosas lexislacións para todos os ámbitos, o que xera a idea de que os nosos gobernantes e parlamentarios son bastante vigorosos na emisión de normativas. Agora ben, moitas veces, cando esas normas chegan á rúa son poucos os que as fan cumprir, incorrendo en abandono das súas funcións. Por ir a un caso recente, citaremos o tema da venda de alcohol a menores, en torno ó cal o goberno galego expresou a súa vontade de establecer normas que lles impidan aos comerciantes despachárllelo.

Na actualidade, xa hai unha normativa de referencia sobre o consumo e venda de alcohol a menores, pero un estudo da OCU (Organización de Consumidores e Usuarios) puxo de manifesto que no 81% dos establecementos que visitou, se lles servía cervexa a menores de idade, poñendo en interdito o labor inspector da Administración e a boa fe dos comerciantes, non só xa por non ter en conta a lexislación, senón por non pensar no trastorno que lles están a provocar aos menores, aos pais e á sociedade en xeral polas consecuencias que iso lles vai traer consigo: a desidia duns e lucro doutros son unha perversión social.

As autoridades locais teñen competencias nestes temas, así como as sanitarias. E se aos condutores, ademais de lexislarnos e aconsellarnos sobre os xeitos máis axeitados de conducir, impoñennos pedagoxicamente, segundo o ministro do ramo, as preceptivas multas polas nosas infraccións, e, se na nosa educación social se insire aquela cláusula de que "Facenda somos todos", tamén sería moi educativo que os representantes públicos, ademais de legislar, inspeccionasen aqueloutras áreas que afectan aos nosos mozos (publicidade, consumos ilegais, horarios televisivos, etc.).

Nunha sociedade democrática, o normal é cumprir as normas, empezando por quen as dispón. Mirar para outro lado ten moitos máis prexuízos que beneficios sociais e só fai ver que tras o incumprimento da norma agóchanse intereses ocultos dos que as teñen que facer acatar. Polo tanto, soamente hai un camiño: máis pedagogía inspectora.